



O FARELO

Nº 52
Abril de 2021
Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

O Pereiro
potenciará o
parque
empresarial con
bonificacións



Páxina VII

Saiu novo
número de "Nós,
a Xente do
Redor"



Páxina X

A XLI Feira
Mostra do Viño
de Amandi será
en agosto



Páxina XI

O Plan Especial
de Monforte,
inscrito
definitivamente
no Rexistro



Páxina XII

A "Insua dos
Poetas" acolleu
a primeira
homenaxe
ourensá á poeta
Xela Arias



Páxina XIV

A Orde do
Camiño concede
a "Medalla de
Ouro" a Xosé
Lois Foxo



Páxina XV



O presidente da Xunta inaugurou a fase deportiva do Complexo de Monterrei

Páxina XV



Un estudo da Xunta e o CSIC sitúa a orixe das terrazas da Ribeira Sacra no século X

Páxina XV

Revista Cultural **Nós, a Xente do Redor**

Subscríbete en

Tlf. 988 60 70 75

Tlf. 672 435 891



Lámina "Vicente Risco"
de agasallo do pintor
Miguel Martínez Coello
co número 3



Humor

MARTIRENA

HERMANAGER

FUCO PRADO


Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

A nosa lingua afectiva

Hai temas que dan voltas na cabeza, que todos os anos acontecen. Vén aí o día de celebrarmos na Nosa Lingua. Nosa e de nós. Lingua de todo o ano e todos os anos. Anque a min particularmente me indigna moito, no medio destas consoladoras festas que evidencian as ausencias. Achégase o día das Letras Galegas, e eu tiña gañas de contalo. Pasou o ano pasado polas mesmas datas e que me obriga a presenciar a infamia e a vergoña de ter que roer día a día os insultos á Nosa Cultura e á Lingua. Non, xa non digo no día dos Premios Mestre Mateo, en que todas e todos, nos pinchos posteriores -salvo raras excepcións, dignas de ter en conta, poucas- falaban en castelán, esquecendo a Lingua que lles concedía a honra do día. Si, fóra de micros e cámaras todos son multilingües, en preferencias foráneas. Vergoña, moita vergoña, mesmo daquelas premiadas que ocultaron na emoción o finximento, e venderon a dignidade pola mención, prato de lentellas. Non quixera

citar aquí de novo as conversas nos corredores do edificio da tele e da radio, o ano pasado, daquela pouca consideración e rigor que nos habita e debera distinguir! Non quero citar a ninguén, pero hai aínda hoxe, pasados os moitos anos de existencia, presentadores/as que seguen a empregar tempos compostos e outra faltas básicas para exercer no labor de comunicadoras e de exemplaridade da dignidade colectiva, que se fai patente na débeda que temos co idioma, único en propiedade, enteiramente noso. Sucede porque só falan de cara á cámara, e cústalles un mundo interpretar o Noso Mundo, Galiza. Non caeron aínda na conta da ofensa que transmiten a cambio da tenrura con quen lles paga a nómina que é precisamente este idioma, nós. Este signo imborrable, acento orixinal de procedencia, nós. Este que nos define, orgullo e dor, causa de ser, razón de existir e de amor. Mais o colmo da cuestión non acaba aí, nin nos oficinistas que se resisten a ter condescendencia

-tan só de educación e respecto- cos que se achegan falándolles galego, nas administración da Xunta. Para nada está na miña intención meterme con ningún idioma, nin sequera ridiculizar a ninguén, sei perfectamente que os idiomas non teñen culpa, mais si a teñen as persoas que os empregan e adoptan intencións suíñas e pérfidias. En todo caso, volvo polo meu. Estou na casa e quero o meu antes que nada, cá ningún. Sobre todo porque estamos en perda de falantes e desprotegidos, nunha lei desequilibrada e inxusta que confunde o deber co poder. Seino ben, vivo no rural e vexo como morre a xente, como se baleira a aldea e cada vez quedamos menos no exercicio decidido dese amor á Lingua, onde se agochou tanto tempo. Semella que cómpre destruír a Casa, esa que dá posesión e dominio. Por riba, os políticos, que cobran puntualmente, que fixeron pola Lingua? Negáronse a todo, esqueceron xa, non consideran a honra de ser? Pois parece que non e pasan a outras cousas. Tiveron que vir os da ONU -hai xa un tempo- detectar vulneracións dos dereitos lingüísticos en Galiza, poñelos de manifesto. Como poden falar outros

temas sen defender este, o que supón a primeira dignidade de calquera pobo ou nación, o rango definitivo de respecto e orgullo, de pertenza? Eles, desde alá lonxe, deberan ver e denuncian iniciativas -que semellan boas- mais non son implementadoras de forma efectiva e moito menos afectiva. Xs galegofalantes non podemos facer uso da Nosa Lingua, nin tratar coas autoridades públicas a pesar da aparencia. Fernand de Varennes, relator da ONU, insta ao Estado Español a garantir compromisos e dereitos lingüísticos que nos asisten, só no papel. Mesmo, engade, deben ser promovidos con firmeza na Xustiza, Ensino e nas competencias todas. Insta tamén a revisar e conducir a proporción da docencia da lingua minorizada e dispor de recursos axeitados para acadar ese obxectivo.

A pesar das celebracións consoladoras de todos os anos, a pesar dos deturpados premios Mestre Mateo de tanta aparencia, eu quero vida para a Nosa Lingua, para nós. Soberanía e dignidade!



Por Avelino Jácome

Vampiros de chocolate

*"Cruza a noite sen medo que amañecerá
dúrmete sen prásas que espertarás.
Non busques o que tes, mira máis alá
o que mereces está onde te atrevas a mirar."
(Marcinda Caneiro)*

Saímos do Poboado de Fontao, sen intencións, pero con presaxios. Cruzar a noite na terra onde o wolframio aflora nas cunetas e os mortos vellos xacen en buracos sen bendicir, é só para cazadores avezados.

Roger, cóntame doutros tempos onde o diñeiro corría máis có Deza na noite, e a vida xogábase á carta máis alta.

Vimos subir unha carroza cunha misteriosa dama. Os dous sabemos que nalgún lugar entre o cemiterio e as rosas, soña o seu amante con desespero. Para non molestarmos cambiamos o rumbo; o amor apaixonado necesita a intimidade, como as aguías o abismo.

Preto da Igrexa vense luces, na cancela da entrada espera a noiva con veo branco e mirada incerta. Soñaba cun príncipe divino

e resultou ser vampiro sedento, enterrando os seus soños entre o dominio e a rabia.

A canina comenta: "A cárcere maior é aquela onde descansa a nosa liberdade sen medo, por aceptada a cadea non aperta menos o pescozo." Esta noite acompañanos un cachorro perdido, un canino novato. Nisa permitiulle vir, para que coñeza o horror da caza.

Cando as estrelas brillaban máis; xunto ao piñeiro maior, descubrimos a súa morada. Roger levantou a daga e ao unísono eu a estaca, cando descargamos o golpe, entre os estertores, berrou o seu nome como unha maldición.

Os amantes alleos ao mal, entregaban

as súas almas e os seus corpos, mel e ouro nos seus ollos e nas súas bocas.

A dama de branco dirixiuse ao panteón do fondo, antes de desaparecer, mirounos e esbozou un aceno que pretendía ser un sorriso. As flores do xardín choraron.

Baixamos cara o Poboado, onde nos esperaba o chocolate quente e o elixir de Valdeorras. Roger comentou: "Hoxe salvaranos a brancura dos horrores da noite... pasou a sombra do cura e o sancristán, acariñando as gorras sedentas..."



Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓN DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Opinión

O Mapamundi

Por Roberto Mansilla Blanco

Lula volve

O regreso de Lula da Silva ao escenario político brasileiro de cara ás presidenciais de 2022 é significativo. Ocorre nun contexto difícil para o actual presidente, o controvertido Jair Bolsonaro. Estas dificultades obsérvanse trala dimisión en pleno da cúpula militar e a caótica situación da pandemia en Brasil, con máis de 280.000 mortos. Dificultades que obviamente apuntan a Bolsonaro e reflíctense na súa caída de aceptación popular.

Pero a volta de Lula ocorre tamén nun momento de reconversión do mapa político rexional, con retornos de gobernos de esquerdas en Bolivia e na Arxentina. E niso, o regreso de Lula á política é igualmente significativo. Con Lula na presidencia, Brasil foi un actor global de enorme relevancia en diversos foros (BRICS, IBSA,

UNASUR) e un faro do "altermundialismo". Pero con Bolsonaro, o xigante suramericano perdeu peso e incluso credibilidade a nivel internacional.

Así e todo, o plano político brasileiro recobra a polarización. Revélase así que a estancia en prisión de Lula polo escándalo Lava Jato foi unha operación netamente política para aparta-lo da posibilidade de voltar á presidencia nos comicios de 2018 e de recompoñer as pezas nunha esquerda brasileira dende entón dispersa, aletargada e atomizada.

Precisamente, aquí se define unha das claves deste regreso de Lula. Resulta perceptible que existen problemas de liderado que obrigan á esquerda brasileira a confiar as súas opcións en Lula fronte ao "bolsonarismo" de talante "trumpiano" que actualmente semella facer augas políticas.

Pero que aparentemente non está morto. Como Trump, Bolsonaro tamén esforzouse en sementar e botar certas raíces dentro do escenario sociopolítico brasileiro.

Este retorno de Lula traduce visos de esperanza para moitos brasileiros ante os desmanes do "bolsonarismo". Tralo seu anuncio de volver á política, un 50% afirmou que votaría a Lula nas presidenciais do 2022. Un 38% segue a apostar por Bolsonaro, un presidente de talante meramente autoritario, que despreza os contrapesos de poder democráticos, pero que aínda semella ter certos índices de apoio e popularidade.

Se ben os comicios 2022 aínda se observan a longo prazo, a polarización Lula-Bolsonaro define igualmente un problema estrutural dentro da política brasileira: a necesidade cada vez máis imperiosa dun relevo xeracional e de liderados alternativos e renovadores.

Lula ten 75 anos, toda vez Bolsonaro está nos 66. A volta de Lula deixa igual-

mente entrever un problema para a esquerda brasileira "post-Lula", orfa de liderados renovadores. Non se albisca un escenario "á arxentina", onde o "post-kirchnerismo" reciclouse no actual presidente Alberto Fernández nas pasadas eleccións de 2019. Así, en Brasil, o "lulismo" segue en pe, sen seguir o exemplo "post-kirchnerista". Un relevo que tampouco se observa se o cada vez máis impopular Bolsonaro termina monopolizando ás dereitas brasileiras de cara aos comicios.

Hai, por tanto, unha tendencia á personalización política que determina a polarización in crescendo. E aquí, diversos sectores sociais ven con certa desconfianza e desesperanza esa polarización Lula-Bolsonaro, cada vez máis perenne.

Lula volve, si, pero o Brasil, é o mesmo que cando se foi?



Por Nemésio Barxa

Casa de Hortas

O "vinho e sangue da terra", diz uma estrofe do hino da Irmandade dos Vinhos Galegos, da que é Roi Xordo e segue a ser referente principal Manuel Maria, aliás de não proceder de terra de vinhos, pois a Terra Chá, que descrevia o poeta como "un povo aqui, outro acolá,... o resto é soeda", rica em produtos da terra, cereais e horta, erva para sua avondosa ganderia, viçosas fragas e bosques de ribeira, riqueza hoje em dia muito questionada, ficava órfã de vinhedos, que tampouco precisava porque o vinho chegava a Lugo avondosamente desde a Ribeira Sacra ou desde o Ribeiro... essa Terra Chá que viu nascer ao poeta e que o viu correr em jogos infantis, medrar e ama-la profundamente ate chegar a chora-la "por unha terra que era minha/ na que eu sentin nacer os meus amores...!/ era unha terra boa fermosa, humildosiña/ que a trocaram os homes con tractores!".

Mas o certo é que os poetas assim como correntemente falam e fabulam sobre sua casa de infância (aqui temos a Manuel que a lembra em case todos seus livros e tematicamente no seu poemário "Sonetos á Casa de Hortas", do que falarei algum

dia, também entre nos Xulio L.Valcarcel com sua "Casa última" e muitos outros), do mesmo jeito frequentemente poetizam (ou poemizam?) o vinho. Manuel inda que não era de terra de vinho recalou no Monforte da Ribeira Sacra luguesa e cantou ao vinho, não só no hino da Irmandade, também na sua "proclama contra a guerra atômica" quando lembra a beleza das verbas: amor, trigo, compreensão, VINHO, azeite, carvalho e laranjeira, ou a prestância dos vinhos do Ribeiro e canta amplamente a todos os vinhos galegos: "Ouh viños antergos de Amandi e de Quiroga!/ com prestixio de hexâmetros latinos/ Viños de Valdeorras que en vos tendes/ o vello ouro do Sil; sono e lenda...!/ Finos caldos do Rosal, tan requintados/ como a alma de un fado melancólico!/ Viño espadeiro antergo florecido.../ Viños galegos lixeiros de beber/ fuxidios e fleves como sonhos!", e mencionando o vinho espadeiro inevitável lembrar o verso do poeta da raza, dom Ramón Cabanillas, "Ouh espadeiro amante!. Ouh rexo e quente/ sangue do corazon da nossa terra! / encende o corazon dos apoucados! / Prende lume nas almas, viño celta!". Manuel Maria não só convertia o

vinho em poesia que também disfrutava dele, da sua cor, do seu arrecendo e aroma, do seu passe em boca, do retrogusto ... e suas opiniões nas catas comentadas da Irmandade, com seu falar pousado e exposição imaginativa de sua valoração, eram escutados com interesse polos mais de 60 ou 70 irmandinhos que por termino medio assistimos a cada capítulo.

Muito temos falado de vinhos e muito nos ficou por falar. Gostaria que fosse certo um boato de brincadeira que em tempo passado corria pola Irmandade, por mim mesmo provocado, segundo o que em ocasiões eu levitava para poder manter reuniões a media altura com Manuel Maria e Pepe Posada (inesquecível criador da irmandade), emigrantes involuntários no alem e dos que recebia opiniões, encargos, conselhos e propostas de futuras atuações da confraria que eu, já em terra firme, punha em comum com o resto dos membros do Sanedrim. Naturalmente, e para descobrir qualquer suspeita de veracidade, asseguro que não era certo. De ser certo poderia em tempo atual comentar e escutar suas opiniões sobre esse método de elaboração do vinho no espaço exterior, do que ainda não conhecemos resultado; ou por alagamento no mar. E aproveitar a levitação para informá-los de tantas mais

inovações, designadamente a do adegueiro do Ribeiro António Míguez Amil e sua adega "Boas Vides", que seguindo escritos

do século XII enterra em cofres de madeira a metro e medio baixo terra 400 garrafas que, numa cata privada, puseram em pé ao Sanedrim, rematando com um tostado "Para do Pé", também seu, que mesmo coroava.

Sim amável leitor, já sei que o título não encaixa com o texto e o mantenho porque na realidade o que eu pretendo é animar á gente para que visite a Casa das Hortas, Casa Museu de Manuel Maria, em Outeiro de Rei, que ficará gratamente surpreendido, porque visitará uma casa tradicional de labregos acomodados que guarda e comparte o legado de Manuel Maria, seus mais de 12.000 volumes, correspondência com as mais importantes figuras intelectuais galegas, aberta ao público acolhe visitas escolares gratuitas, visitas de grupos de adultos, visitas de famílias sábados e domingos, realiza atividades culturais no auditorio, antiga "palheira", e durante todo o ano tanto na Casa como nos arredores e noutras cidades.



Por Ramón Coira Luaces

Galeguismo conservador

Non podo revelar as fontes pero sei de boa tinta que "Madrid, Madrid, Madrid" era o lema orixinal da campaña do PP ás autonómicas. O que pasou foi que un galeguista conservador que traballaba na imprenta cambiou o lema polo de "Galicia, Galicia, Galicia". Xa levaban nove millóns douscentos mil cartaces feitos, cando Feijóo se enterou e dixo: "Agora xa está feito, deixádeo estar". Iso si, o galeguista foi despedido e botou dou meses a pedir polos camiños, até que Baltar se apiadou del e lle ofreceu un posto na embaixada que ten a Deputación de Ourense en Estados Unidos. O paisano en cuestión chamábase como o ex-líder cubano Raúl Castro e no PP tiñano martirizado por causa do seu nome. Por iso el sempre asina: Raúl

C. Regueira. O seu traballo en EE.UU. consiste en traducir ao inglés "La Región" e mandarllela a Trump e a Biden e traducir ao galego / castelán (50% de cada) "The New York Times" e mandarllelo a Baltar pai e fillo.

Polo visto, cando Ayuso se enterou de que Feijóo aceptara cambiar o lema de campaña colleu tal berrinche que botou tres días sen comer. Da directiva de Génova chamaron preocupados a Feijóo e este prometeulles non volver falar de Galicia en toda a lexislatura. E cando, polo que sexa, se lle escapa e di "Galicia", Ayuso bota un día sen comer. Pero detrás de todo está a Esperanza Aguirre que acribilla ao CNI con informes para que investiguen tamén o PP de G: "Que si Franco era socialista, que si Fraga era filocomunista,

que si Feijóo é nacionalista". E como probas adxunta unha lista de agravios dos que lle informa unha toupa que ten no PP de Ourense: que levaron á cidade das Burgas o cadro da derradeira lección do mestre de Castelao, inauguraron as exposi-



cións dos suevos, do grupo Nós, fixeron estatuas a galeguistas, financian a RAG,... "Abónanlle o terreo ao BNG", di Aznar (que tamén está no allo e aínda recorda a agarrada que tivo con Cuíña pai). Rajoy, sempre tan moderado, propuxera un lema de consenso: "España, España, España", pero tamén fracasou, porque o galeguismo conservador moveu os seus fíos e o lema acabou sendo "Galicia, Galicia, Galicia", que ten un significado oculto: GAL i CIA. E ten 7 letras, porque o sete xa sabemos...

Se Otero Pedrayo levantase a cabeza dubido que dixese: "Por ignorados vieiros maniféstase o espírito da terra", senón máis ben, quizáis: "Se este é o galeguismo conservador de hoxe, que o demo me leve".

Dereito á lexítima defensa

Este é un dereito que se recolle no código penal. Castelao invocouno e eu tamén o invoco contra quen arruína o noso país e o noso medio ambiente, contra quen hipoteca o noso futuro e fai emigrar á nosa mocidade, contra quen non nos deixa expresarnos en galego, contra quen

nos impide o acceso á cultura, contra quen nos quere escravizar. Contra quen non respecta os nosos dereitos individuais e colectivos, contra quen nos oprime. Castelao defendía o dereito do pobo galego á lexítima defensa. O exercicio deste dereito non ten porqué ser violento, é máis, non

o recomendo, excepto se a un o levan á desesperación, en cuxo caso é difícil de evitar... Arrasar unha nación é moito máis grave que queimar unha bandeira. Queimar a bandeira española ou pitar o himno español son actos de protesta política moralmente lexítimos, pois o Estado español non respecta os nosos dereitos individuais nin colectivos. Ilustro o texto cunha variante do escudo de Castelao. Preferible-

mente, nin mortos nin escravos, por suposto. Pero o fascismo e imperialismo españois ás veces non deixan alternativas; repasade a historia se tedes dúbidas... Intentan quebrarnos como galeg@s psicolóxica, mental e fisicamente: que non o consigan. Nin a raposa nin o lobo poden ser domesticados. Se queremos ser libres, temos que aprender deles. Xa o dicía Castelao...

Emerxencia cultural en Ourense

O alcalde Jácome pretende privatizar o auditorio. Ataca a programadores, xestores, empresari@s e artistas. Quere desmontar o sector cultural e abaratar costes. Está en contra da concepción da cultura como servizo público, como ben social, como

democratizadora. Tod@s temos dereito ao acceso á cultura, mais el só pensa na rendabilidade inmediata. Sen lingua e cultura deixamos de ser human@s e pasamos a ser só animais. Os poderes públicos teñen o deber de dinamizar e de promocionar a cultura. Porén Jácome



quere poñer o público en mans do privado. Quere liquidar a cultura como servizo público. A sala Valente, destrozada; o museo, inactivo; o arquivo municipal e o auditorio, pechados,... O seu desleixo polo idioma galego, o idioma propio de Galiza, é de tod@s coñecido. Agora hai que sumarlle o seu ataque á cultura. Hai que dicirlle basta xa! Temos que unirnos e defender, unha vez máis, o obvio. En que mundo vivimos...!

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).



**Xornal Cultural
para o Lecer**

Depósito legal: VG-14/2017

Opinión

Xosé González Martínez. *Presidente do Foro E. Peinador.

65º Aniversario do Primeiro Congreso da Emigración Galega

En 1956 celebrouse en Buenos Aires o Primeiro Congreso da Emigración Galega. Un feito sen precedentes na historia da diáspora. Durante os días 24 ao 31 de Xullo acudiron á capital bonaerense moitísimos representantes das entidades societarias de Cuba e continente americano.

As actas publicadas son reveladoras da importancia que tivo a celebración daquel congreso. A iniciativa fora promovida polo Consello de Galiza facéndoa coincidir co centenario doutro feito senlleiro, o Banquete de Conxo.

As personalidades máis cualificadas da intelectualidade que vivía alén mar, xa sexa por mor da emigración ou polo exilio, tiveron a súas participacións con cadanseu relatorio que aínda hoxe, algunhas delas, malia teren transcorridos sesenta e cinco anos, seguen a ter vixencia. Naquelas xuntanzas patrióticas debatéronse proposta de variadas intencións.

Cómpre salientar que as intervencións do congreso, tanto faladas como os traballos escritos, fixéronse integramente en galego, con absoluta normalidade. Foi outra nota optimista de galeguidade, “xa que o seu uso ten que ser condición principal e esencial de todo labor tendente a reerguer a personalidade total de Galicia, como comunidade diferenciada e nación no mundo dos pobos ibéricos”. Concluíron os debates dalgunhas comisións solicitando a expresión, oral ou escrita, en idioma galego, tanto na orde particular como oficial. De aí que tamén se evidenciase o grave deterioro da nosa identidade ao sinalar que os prexuízos que as clases sociais ascendentes, nomeadamente o empresariado, practican marxinan a lingua galega dos seus seus usos no ámbito económico.

A emigración como un fatídica desgraza que tiveron que aturar milleiros de galegos e galegas abocados a buscaren en países ben lonxanos do noso un modo de vida de

mellor calidade contribuíu ao despoboamento do país. E non, precisamente porque Galicia fose pobre, porque tiña abondos recursos. Tiña e ten unha capacidade de riqueza natural “para que os seus fillos vivan felices na súa Terra, e non emigrados na ronseira dos ventos, ou desterrados no seu propio chan”, denunciaba Luís Soto, asentado en México onde desenvolveu unha transcultural actividade, mantendo vivos os sinais de identidade e activas as reivindicacións do exilio. Todas e cada unha das intervencións dos persoeiros aludidos, representativos da cultura, do espírito e do esforzo galego, espallados polo mundo, constituíron unha grande e lediciosa revelación, pola súa valía intelectual e pola insobornable fidelidade.

Co gallego do 65º aniversario do Primeiro Congreso da Emigración Galega, o Foro E. Peinador, Secretaría Xeral de Política Lingüística e outras institucións públicas promoverán unha homenaxe a todos aqueles que nos precederon alén mar na defensa da causa da galeguidade. Recuperar hoxe o espírito das súas conclusións é un obriga histórica. Por esta razón as institucións aludidas promoverán a declaración “Galicia Adiante”, rendendo homenaxe aos que

convocaron e organizaron aquel Congreso da Emigración, ás entidades societarias que participaron nel. Recoñecemento e admiración que se fara extensible aos intelectuais que quixeron para Galicia unha transformación social, económica e cultural coa radical defensa do uso da nosa lingua.

Propónse recuperar o espírito das súas conclusións, facendo un chamamento á sociedade galega, para que a apoie e se sume ao proceso galeguizador xa iniciado polas institucións e administracións públicas. Trenzando así todas as iniciativas senlleiras que se foron producindo ao longo da historia lonxe da nosa Terra; iniciativas protagonizadas por aqueles que endexamais renunciaron a ella. A cidadanía galega actual non debe ignorar aos que mantiveron en pé os nosos sinais de identidade e reivindicaron con teimsía perante as instancias internacionais o estado calamitoso no que se atopan os seus compatriotas, baixo a bota aterradora da ignominiosa ditadura.



“Galicia, de Nos a nós”, a mostra máis completa sobre o movemento cultural, político e social máis importante da historia de Galicia

O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Santalices, visitou a exposición Galicia, de Nós a nós, a mostra máis completa sobre o movemento cultural, político e social máis importante da historia de Galicia, que alumeou o pensamento político galeguista. A exposición, da que son comisarios Ana Acuña e Afonso Vázquez-Monxardín, pode contemplarse ata o vindeiro 18 de abril no centro cultural “Marcos Valcárcel” e na sala de exposicións de Afundación, na praza Maior de Ourense.

Manuel Baltar, presidente da Deputación, nas súas palabras de benvida ao presidente do Parlamento, destacou a importancia que supón “que nos visite o máximo representante da cámara galega, para percorrer e gozar desta singular mostra que organizamos conxuntamente a Deputación de Ourense e a Xunta de Galicia, e ademais, faino na semana na que conmemoramos o 40º aniversario do Estatuto de Autonomía para Galicia, norma

básica con que soñaron os integrantes da Xeración Nós, que posibilitaron ese berce de galeguismo no que se converteu Ourense”. Baltar salientou que tamén esta semana o Parlamento outorgoulles “con absoluta xustiza” as medallas ás catro fundacións que seguen reivindicando a figura, a traxectoria e o pensamento e o obra de Castelao, Losada Diéguez, Risco e Otero Pedrayo, fundacións que tamén recibiron o Premio “Otero Pedrayo” que a instancias desta deputación, e conxuntamente coa Xunta de Galicia e as demais deputacións galegas, lles outorgamos en 2020”.

Baltar expresou o agradecemento “a todas as persoas que fixeron posible esta exposición, un magnífico traballo que permite interpretar a nosa realidade galega e a nosa memoria identitaria e poñela a disposición dos ourensáns, pois é unha das mostras das que máis orgullosos nos sentimos, tendo en conta que simboliza esa cultura con maiúsculas que representaron os integrantes

da Xeración Nós”.

Pola súa banda, Miguel Santalices expresou a súa satisfacción por ter a oportunidade de visitar a exposición na súa terra, unha mostra sobre a Xeración Nós, dixo, “que xa falaba dunha Galicia autonomista e os seus membros defendían postulados cosmopolitas, europeístas, integradores e cun claro apoio á nosa lingua”. Todo elo reflectido na revista Nós “que con poucos exemplares editados logrou introducir unha cultura galeguista que foi o xerme do Estatuto de Autonomía para Galicia, que á súa vez permitiu a evolución da nosa comunidade autónoma sendo quen de asumir determinadas transferencias”, poñendo como exemplo a transformación experimentada pola sanidade nestes corenta anos de vixencia do estatuto.

Neste contexto, Santalices felicitou á Deputación de Ourense “por manter vivo o significado do estatuto e inculcalo nos máis novos, para que saiban que significou na historia de Galicia”,



Miguel Santalices, Afonso Monxardín e Manuel Baltar.

en referencia aos premios de debuxo e redacción escolar que anualmente convoca a institución provincial para conmemorar a aprobación do estatuto.

A exposición “Galicia, de Nós a nós” está constituída por máis de 300 pezas cedidas por máis de 60 institucións e particulares, onde se amosa a traxectoria deste movemento, xunto con obras procedentes de Francia, Alemaña e

Portugal, que poñen o foco nas conexións internacionais da revista e dos seus impulsores. En Ourense, a exposición inclúe algunhas novidades con respecto á mostra que estivo na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela, destacando as portadas das revistas editadas por Nós e un apartado que fala da especial relación que os membros deste movemento tiveron con Ourense.

O presidente da Xunta inaugurou a fase deportiva do Complexo de Monterrei

Durante unha visita ás instalacións desta primeira fase, Feijóo referiuse a este complexo como unha infraestrutura de referencia para toda a familia. Non en van, cun investimento total de 10 millóns de euros –cofinanciado ao 50% entre a Xunta e a Deputación de Ourense–, esta actuación contará cunha zona acuática, ademais da zona deportiva, xa en pleno rendemento, formada por: unha pista polideportiva descuberta, unha pista de tenis cuberta e outra descuberta, dúas pistas de pádel cubertas e outras dúas descubertas, unha pista de atletismo e unha pista específica cuberta para bicicleta BTT e deportes urbanos.

Ademais, avanzou a previsión de que no mes de maio se entregue o proxecto construtivo da segunda fase relativa ao parque acuático, co obxectivo de que as obras das piscinas infantil e familiar estean finalizadas en 2022. Posteriormente desenvolveranse



Luis Menor, alcalde do Pereiro, no centro da foto.

outras tres fases máis para levar a cabo distintas infraestruturas relacionadas co lecer.

“Estamos a falar dunha intervención integral nun complexo que contará cunha oferta deportiva desestacionalizada, aberto 365 días do ano; e cun espazo de lecer que mantén os espazos verdes e a vexetación existente, sendo un referente de adaptación ao medio e á contorna natural”, destacou.

Ao longo da visita, o titular do Goberno galego incidiu en que apostar polo deporte é apostar pola saúde e, baixo esta premisa, subliñou que a Secretaría Xeral para o Deporte conta neste 2021 cun orzamento que medra con respecto a 2020 un 28,5%, ata acadar os 32,5 millóns de euros. E, gran parte desa subida, 10 millóns de euros, estará destinada á construción de infraestruturas deportivas.

O Pereiro de Aguiar potenciará o parque empresarial con bonificacións

O Pleno da corporación do Pereiro de Aguiar aprobou a execución de modificacións nos tipos do Imposto de Bens Inmóveis (IBI), Imposto sobre Actividades Económicas (IAE) e o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO). Luís Menor, alcalde polo Partido Popular, estima que a medida pretende “potenciar o parque empresarial e a adhesión ao convenio de concellos emprendedores, para o que decidimos establecer bonificacións”.

Nesta sesión plenaria o PP presentou unha moción, que foi aprobada, para solicitar á Consellería de Educación que se melloren as infraestruturas do colexio Ben-Cho-Shey. “O que se expón, de inicio, é que se cubra polo



Vista parcial do parque empresarial do Pereiro de Aguiar.

menos un dos patios do centro educativo, que é un dos que máis matrícula gaña na provincia cada ano. É dicir, que os patios deixen de estar á intemperie”.

Tamén se decidiu a constitución da mesa local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero. “Cremos que é un paso máis dentro da loita contra a igualdade. Neste sentido, a nosa oficina de axuda presta servizo a outros concellos da pro-

vincia como Nogueira de Ramuín, Parada de Sil, Paderne de Allariz e Esgos”, aclarou o alcalde.

Por unanimidade acordouse continuar solicitando á Deputación de Ourense as melloras e tarefas de traballo na estrada OU-506, tras unha moción presentada polo grupo municipal do PSOE que pedía ao Concello instar o goberno provincial a mellora do asfaltado no tramo do vial que pasa polo Pereiro.

O Pereiro celebrou o 250 aniversario do coronel Cachamuíña



A Real Banda de Gaitas actuou no acto.

Os delegados territoriais da Xunta de Galicia en Ourense e Vigo, Gabriel Alén e Marta Fernández-Tapias, asistiron ao acto celebrado no Concello de O Pereiro de Aguiar para conmemorar o 250º aniversario do nacemento do coronel Cachamuíña, figura clave na historia de Ourense e Vigo e, por extensión, de Galicia.

Bernardo González del Valle, fillo ilustre de O Pereiro de Aguiar, non o menos na cidade que liberou do xugo do exército francés ao fronte do aparato militar da Reconquista de Vigo. Daquela fazaña, na que Cachamuíña logrou quebrar a machetazos a Porta da Gamboa e converter a Vigo na primeira localidade de Europa en expulsar as tropas napoleónicas fai hoxe 212 anos.

Un fito histórico que recordaron Alén e Fernández-Tapias no acto de homenaxe a este histórico

persoeiro que os vigueses conmemoran cada ano como “A Reconquista”, a primeira Festa de Interese Turístico Nacional en lograr esta distinción na cidade de Vigo e a duodécima de Galicia. “Un orgullo para Vigo, para Ourense e para toda Galicia”, coincidiron en sinalar.

Deputación de Ourense e Concello colaboraron na programación dunha serie de actividades na casa natal de González del Valle, onde se descubriu unha placa conmemorativa en recordo do coronel Cachamuíña. Roteiros teatralizados, conferencias e visitas a lugares de interese completarán un programa que se desenvolverá ao longo de todo o ano. Manuel Baltar, considérase “unha parte importante da historia de Ourense”, e o alcalde de Pereiro de Aguiar “un fillo tan ilustre que merece todo o noso recoñecemento pola pegada que deixou na historia”.

Medio Rural acondiciona o camiño de Pedraio ata a Medorra no Pereiro

O delegado territorial da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, mantivo por videoconferencia unha reunión co alcalde de Pereiro de Aguiar, Luís Menor, na que analizaron as principais demandas deste municipio en relación á administración autonómica. En concreto, o rexedor trasladoulle ao delegado territorial unha información máis polo miúdo do Plan de Sendas e a posibilidade de contar máis axudas para desenvolver novos proxectos culturais. Gabriel Alén tamén lle lembrou a aportación da Consellería do Medio Rural, a través do Plan de Infraestruturas Rurais, de case 48.000 euros para

acondicionar o camiño de Pedraio ata Medorra

Pola súa banda, o delegado fixo balance das recentes inversións da Xunta de Galicia neste concello, destacando as achegas da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo de 40.000 euros para a creación e adecentamento de varios parques infantís; a da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para mellorar o equipamento dos locais utilizados na realización de actividades culturais, e a actividade “Un Camiño imaxinado” dentro do programa O teu Xacobeo, que entre ámbolos dous superan os 21.000 euros.

Guía Gastronómica

Produtos gourmet desde Xinzo de Limia

Galicia Gourmet é unha empresa especializada na distribución de produtos gourmet para o canle Horeca con clientes en toda España que atende desde as instalacións en Xinzo de Limia. A distribuidora dispón de tenda en liña onde calquera pode comprar os produtos e recibilos na súa casa a prezo de tenda. É a páxina web con tenda en liña en alimentación máis antiga de España, de feito, en todos istos anos xa se renovou e actualizado catro veces <https://productosdeg Galicia.com>. Pero o maior mercado é a hostalería e tendas Gourmet. A firma está especializada en polbo cocido refrixerado e conservas gourmet. Ademais, en licores de marca propia que funcionan moi ben en toda a península.

A pesar da Covid 19 “notamos un incremento nas vendas directas a particulares á páxina web. Entendemos que os consumidores, ao non poder ir aos bares nin aos restaurantes, permitíronse algúns caprichos, comprando os

nosos produtos e elaborando receitas ou pegándose pequenas homenaxes nas súas casas. Pechamos a distribución duns Ibéricos de máxima calidade cun gran diferencial sobre a competencia. Trátase de Ibéricos Luís Bravo, unha marca que leva 6 xeracións producindo xamóns e embutidos dentro da norma de calidade do ibérico RD 4/2014”, sostén José Ángel Salgado do departamento comercial.

O departamento de I+D da marca desenvolveu un sistema de envasado exclusivo en tarro de cristal que rexistrou como modelo de utilidade en patentes. Desta forma, os xamóns son cortados por cortadores profesionais,

os liscos amontóanse e introdúcese no tarro envasadas ao baleiro, de forma que preservan perfectamente as características organolépticas dun xamón recentemente cortado. “A verdade, é que me sorprende tanto o formato como a calidade e a versatilidade do produto, por iso decidimos contactar á marca e pechar a distribución”, dí Salgado González.

Conservación en tarro

Ademais da súa alta calidade, este sistema de conservación en tarro non oprime os liscos, polo que a graxa infiltrada permanece no xamón e non queda no sobre como adoita pasar no envasado en blíster. Ademais, os liscos

non rompen, non se marcan nin se pegan, polo que permiten un empratado perfecto coma se cortouse no momento. Desde o punto de vista organoléptico, o vidro non lle achega nin sabores nin cheiros, xa que é totalmente inocuo. Desde o punto de vista sanitario tamén presenta serias vantaxes, pois o envase non contén plásticos, é totalmente reciclable e respecta totalmente o medio ambiente. Ademais, é un formato de máxima protección biosanitaria. En definitiva, é un produto gañador e moi útil neste escenario.

Para un negocio de hostalería resultaría rendible este formato máis nestes tempos que se opti-

mizan os gastos e redúcense ao máximo as compras. “O noso formato permite un rigoroso control de stock e un escandallo perfecto ademais aforra investimento evitando grandes compras de produto que pode non estar en condicións óptimas de consumo. Explícome, un xamón enteiro, sempre resulta máis barato a primeira ollada, aínda que, a diminución dun xamón é bastante superior a un 45%, en moitos casos maior. Se a isto engadimoslle o tempo, o control do produto e os intanxibles da non rotación, secados, conservación..., fai que este formato sexa moi moi interesante. Xa que en menos dun minuto podes ter un prato de xamón ibérico coma se estivese recentemente cortado”, asegura José Ángel. “O estudo de vida útil dános 18 meses de consumo preferente, pero poñémoslle 12 meses porque é máis que suficiente, xa que practicamente cortamos ao día o que servimos e todo o que proba queda encantado,” conclúe Salgado González.



Adegas Vella con paredes do século XII

Adegas Vella, da subzona de Ribeiras do Sil da Ribeira Sacra, está situada na rúa da Eirexa, 14 Abeleda. (A Teixeira). Ourense. Tén unha superficie cultivada de 14 hectáreas, unhas propias e outras en arrendamento, que producen 150.000 botellas. Variedades Brancas: Godello, Treixadura, Albariño e Loureira. Variedades tintas: Mencía, Merenzao e Brancellao, Mouratón. As marcas comerciais son: Viño Branco: Adegas Vella Godello (Blanco Novo), 1904 Adegas Vella (Branco Barrica). Viño Tinto: Adegas Vella Mencía (Tinto Mozo), Baluce, (Tinto Barrica 6 meses), 12 Adegas Vella, (Tinto Barrica 12 meses), Tradición Adegas Vella, (Tinto Barrica), Quitapesares Adegas Vella (Tinto Barrica). 988, Rosa do Frade, Palabra de Honra. Viños Rosados: Luxuria, Embruxo, Un bico

Nesta adega prima a calidade e o facer o “viño de sempre”, sabroso e que convida a beber, pois se cultivan con mimo case 14 hectáreas dedicándolles moito tempo



Marisol Borrajo Lorenzo.

e agarimo, facendo prácticas culturais como: selección de uva, poda en verde, despuntado.

Os viños novos fermentanse en depósitos de aceiro inoxidable, fermentacións entre 18° e 25° controlándose a temperatura e refrixerando con auga corrente por medio de duchas. Os viños en barrica de carballo frances e húngaro conseguen achegar un sabor diferente e gaioleiro, dentro da conservación na adega con paredes

do século XII.

A adega recibiu innumerables premios. Medalla de ouro e de prata en Cervin, de Aosta (Italia). Tamén no certame de Acios de Galicia, de Radio Turismo, do Centro do Viño de Monforte, na cata de viños de Bilbao e na Guía de viños, destilados e adegas de Galicia onde obtivo gran ouro e prata. Os responsables da adega son Jorge Feijóo González e Marisol Borrajo Lorenzo.

Madisor, almacenista de alimentación



Marco Antonio Marra Méndez.

Madisor é unha empresa de distribución almacenista de produtos de alimentación: viños, queixos, conservas, produtos enlatados e envasados. Traballan con primeiras marcas como: Piara, Queserías Bell, Celorrio, Ramón Bilbao, Froitomar.

Está situada na parcela 10 da rúa 8 do polígono industrial de San Cibrao das Viñas, en Ourense. A empresa foi constituída en 1992 e o seu director xerente é Marco Antonio Marra Méndez que supervisa o comercio por xunto de produtos alimenticios para empresas.

Tres ouros a Paragüero

A empresa ourensá Giráldez Galician Drinks (antes J. Giráldez Pérez, S.L.) ven de obter tres medallas de ouro no concurso internacional “Catavinum World Wine & Spirits Competition 2021”. O ouro corresponde ao licor de herbas Paragüero, ao licor café Paragüero e á crema de licor Paragüero.

A firma dedícase á fabricación, produción, elaboración, embotellado, importación e exportación, distribución e comercialización por calquera canle de bebidas de toda clase, viños, licores con ou sen alcol, viños espumosos, bebidas alcohólicas. Está situada no polígono industrial Barreiros, Concello de San Cibrao das Viñas (Ourense).



O BNG denuncia un novo atentado contra o patrimonio en Ourense ante a pasividade da Xunta de Galicia

Actualmente estanse a executar as obras de rehabilitación arquitectónica do antigo Pazo Episcopal, hoxe Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adxudicado á empresa COPASA, en virtude de acordo de 6 de xuño de 2019 por un importe de 9.209.310 €, IVE incluído.

Pois ben, desde o BNG puideron comprobar como na execución das referidas obras de rehabilitación, destruíuse (por mor da inopinada “limpeza” dun muro) un “Taboeiro de Muíño” labrado en tempo inmemorial nunha das pedras do edificio do Museo Arqueolóxico.

O denominado “taboeiro de Muíño”, é un xogo tradicional do noso patrimonio lúdico e que ben puidera supor o pasatempos dos canteiros que construíron a nosa catedral. Un deles figuraba nunha das pedras do edificio do Museo Arqueolóxico actualmente en obras

de rehabilitación.

Este xogo tradicional está presente en diversas culturas do planeta e polo tanto, trátase dun elemento recollido dentro dos usos sociais, rituais e festivos do patrimonio cultural inmaterial enumerado pola UNESCO dentro das súas catalogacións patrimoniais. Non se sabe se a pedra foi reaproveitada dun banco na súa orixe, lugar preferido para o xogo, ou se os traballadores esculpiron o taboeiro de xogo antes de colocala no seu lugar definitivo, pero o certo é que a inscultura que se acaba de borrar impune despois de séculos de historia, deixa ao descuberto o desleixo das institucións que deberan velar polo patrimonio.

A denuncia do BNG pasa polo feito de que logo dunha serie de actuacións de restauración e limpeza da fachada onde estaba ubi-

cado, este elemento foi destruído. Os nacionalistas preguntánselle porqué os técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta non supervisaron as obras para protexer este elemento histórico e presente na pedra desde o mesmo momento da súa instalación, ou se efectivamente estaban ao tanto, o motivo polo cal permitiron que se executase tal atentado.

Por todos estes motivos, desde o grupo Parlamentar do BNG no Pazo do Hórreo, veñen de rexistrar unha serie de preguntas para ser respostadas polo Goberno galego. Desde a formación nacionalista queren saber se autorizou ou informou favorablemente a Xunta de Galiza as obras de rehabilitación do Museo Arqueolóxico de Ourense, antigo Pazo Episcopal.

Tamén, se lle constaba a existencia dun taboeiro do xogo de muíño nunha das pedras do muro



Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

do Museo Arqueolóxico Provincial e que accións ou cautelas adoptou para a protección do mesmo.

Igualmente desde o BNG queren saber se a Xunta Considera que elementos como o indicado teñen valor como patrimonio cultural e xa que logo, son merecentes de

protección e coidado ou non, e finalmente que actuacións ten incoado ou previsto incoar a Xunta de Galiza para determinar as responsabilidades derivadas das accións contra o patrimonio cultural de Ourense e anteriormente descritas.

Saiu novo número de “Nós, a Xente do Redor”

No Liceo de Ourense, templo da cultura ourensá, tivo lugar a presentación do número tres da revista, “Nós, a Xente do Redor”. Alí déronse cita preto de medio centenar de artistas de Madrid, Porriño, Allariz, Trevinca e Lalín; pintores, novelistas, poetas, escultores, fotógrafos, deseñadores e o equipo técnico de Orixe Publicidade e Comunicación, creador da revista.

Avelino Jácome, director da publicación, fixo entrega dos exemplares acompañado pola presentadora Marina Sánchez e o pintor Miguel Ángel Martínez Coello, autor do retrato de Vicente Risco que ilustra a portada, e que agasallou cunha lámina de dito retrato a cada autor. Tamén se fixo entrega aos colaboradores, JBA Servizos Inmobiliarios, Aplitec Suministros Industriais, Edades Vivenda De Maiores, Quiosco



Presentación do número 3 de “Nós, a Xente do Redor”.

Marcos e A Ruta do Viño do Ribeiro. Recibiron exemplares de agradecemento Rosendo Luís Fernández, vicepresidente da Deputación de Ourense, e de forma simbólica a Secretaría de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

O evento, amenizado con varias actuacións do músico Daniel Rincón, tivo un momento especialmente distendido coa realización do sorteo dun lote de viños por parte do representante da Ruta

do Viño do Ribeiro, Juan Manuel Casares Gándara.

A organización agradeceu a todos os asistentes cumprir estritamente co protocolo Covid 19 e como sempre a esmerada atención que brindou o Liceo de Ourense na persoa de José Luís Troitiña, que coidou cada detalle. Tamén agradeceron a Marila Abad, pola ornamentación floral que realizou, realzando o salón nobre do Liceo de Ourense.

Irmandiñas e republicanas, libro de Aurora Marco



Marisa Padrón e Aurora Marco.

O programa comezou no Liceo coa presentación do libro “Irmandiñas e republicanas”, de Aurora Marco e con deseño do pintor Baldomero Moreiras. A ensaísta fixo un labor de investigación na que profundou na historia e na posterior visibilización do papel que as mulleres desempeñaron na resistencia antifranquista en Galicia. Marisa Padrón presentou o acto.

Tamén no Liceo celebrouse unha mesa redonda titulada

“Memoria Histórica, Memoria Democrática: Dende Ourense (Presente e futuro)”, na que participou Pablo Sánchez e Carlos Morais, do comité pola memoria histórica do Val do Limia; e Damián Domínguez, da asociación pola recuperación histórica en Ourense. Moderou David Simón, presidente de Amigos da República. No cemiterio de San Francisco na cidade celebrouse a homenaxe aos republicanos represaliados ante o monumento funerario.

A Xunta licita o acondicionamento do paseo peonil do entorno do mosteiro das Bernardas, en Ferreira de Pantón

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicou na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia a licitación das obras de acondicionamento do paseo peonil da rúa das Bernardas de Ferreira de Pantón, no entorno do mosteiro cisterciense.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, explicou durante unha visita á localidade que os traballos foron licitados por 256.200 euros e teñen un prazo de execución estimado de tres meses. As empresas interesadas en presentar ofertas poden facelo ata o vindeiro 7 de abril.

O proxecto dálles continuidade

ás actuacións de urbanización e adecuación desta contorna realizadas ao longo dos últimos anos, xa que servirá para completar o paseo situado fronte ao mosteiro, enlazando o núcleo de Ferreira coa praza do Curro. Actuarase ao longo duns 770 metros que forman parte da rede viaria municipal de Pantón.

Está previsto mellorar un treito en curva que carece de beirarrúa nunha das marxes, ademais de ter un muro moi próximo á estrada que dificulta o paso dos peóns e a visibilidade para os vehículos. A cesión dunha porción de terreo por parte dun propietario permitirá derrubar o muro e dispor de



Na rúa instálase alumeado público.

espazo para construír unha beirarrúa de pedra, en concordancia coas do resto do traxecto. Posteriormente levantarase outro muro de pedra, igual que os que xa hai no tramo, para delimitar a zona.

Tamén se pavimentará a calzada con aglomerado en quente -á al-

tura da recta fronte ao mosteiro e na praza do Curro-; e habilitaranse pasos de peóns e sinalización horizontal e vertical. Instalarase alumeado público e sistema de evacuación de augas pluviais, e levaranse a cabo as actuacións precisas para adecuar as canali-

zacións eléctricas e de telecomunicacións.

Arias destacou o impulso da Xunta a esta zona e lembrou que a finais do ano pasado a Axencia de Turismo de Galicia asinou un convenio coa Comunidade Cisterciense do Divino Salvador co fin de adquirir mobiliario para a hospedaxe no mosteiro de Santa María de Ferreira de Pantón, onde a Administración galega executou obras para acondicionar unha hospedaría e un espazo multifuncional que poderá acoller información divulgativa da Ribeira Sacra e do mosteiro, declarado de Ben de Interese Cultural coa categoría de Monumento desde 1975.

Sober promove a rede de miradoiros

O Concello de Sober vén de presentar o proxecto 'Sober é Qalidade' co obxectivo de promover a súa rede de miradoiros, que a finais de 2020 foi distinguida pola Instituto para a Calidade Turística de España como Espazo Público Singular. Trátase dun recoñecemento que só teñen cinco espazos en todo o Estado.

Co proxecto dado a coñecer hoxe o Goberno local pretende presentar e amosar o turismo de calidade dunha maneira próxima e humana a través dos profesionais de diferentes sectores que desenvolven a súa actividade no Concello.

O proxecto desenvolverase ao longo de varios meses nos que os dez miradoiros de Sober serán os protagonistas a través da visita dos profesionais dos establecementos turísticos, restauradores, viticultores, guías, alfareiros, empresarios, etc para dar conta da beleza e singularidade do noso patrimonio.

Nas redes sociais do Concello de Sober irase presentando unha paisaxe humanizada a través das súas xentes ao tempo que se irá dando a coñecer a oferta turística do municipio para atraer novos visitantes.

Para todos os públicos

A maiores, faranse actividades promocionais para todos os públicos, como con-



Un dos miradoiros de Sober.

certos, cursos de iniciación á fotografía, cursos de pintura ao aire libre, cursos de cata, observación de estrelas e de aves, xornada de lectura interpretada, así como unha xornada de portas abertas á igrexa de San Xoán de Lobios para contemplar os seus murais.

Os nenos tamén terán o seu espazo nesta programación con cursos de pintura, contacontos, e visita ás pinturas murais de Lobios, entre outros.

A proposta completarase con publicacións específicas de cada miradoiro, así como cunha guía de rutas turísticas.

O alcalde, Luís Fernández Guitián, explica que "imos promocionar os nosos miradoiros, atraer turistas e mellorar a sinalización e accesos, ao mesmo tempo que damos a coñecer a través dos nosos profesionais a enorme oferta cultural, gastronómica e turística que temos en Sober".

A XLI Feira Mostra do Viño de Amandi será en agosto

Eduardo Pérez Bahamonde foi o gañador do concurso do cartel que anunciará a XLI Feira-Mostra do Viño de Amandi que se celebrará, previsiblemente, os días 11 e 12 de agosto. A data dependerá da evolución da pandemia e será consensuada coas bodegas da subzona de Amandi nunha reunión que se celebrará no prazo dun mes. Para o concurso recibíronse 25 carteis de Canarias, Cataluña, País Vasco, Baleares, Asturias, Castela-León e A Ríoxa, entre outras. O grupo máis numeroso chegou da propia Comunidade.

A proposta gañadora foi a titulada 'Filiberto Estroncio' da autoría de Eduardo Pérez Baamonde. Resultaron finalistas os traballos 'Con moito mimo' de Isabel Núñez Montero, de Pontevedra, que resultara gañadora no ano 2020; 'Sabor y Color' de Alfonso Giménez Ventura de Betxi (Castellón); 'Amandi Vista Satélite' de Maica Otero Cores, da Illa de Arousa; e 'Camiños Rosados' de Codés Lillo Irimia, de Lourenzá.

Eduardo Pérez Baamonde é natural de Vilalba e exerce como profesor de Debuxo no Ensino Medio. Amante do deseño gráfico e da pintura empeza a crear imaxes e a expoñer a principios dos oitenta. Nos últimos anos participa con asiduidade en diversos certames



Eduardo Pérez Bahamonde.

acadando varios premios e recoñecementos. Tamén destaca a súa actividade como ilustrador.

Premios

O gañador recibirá 600 euros, un diploma e un lote de viño de Amandi, e o seu cartel será a imaxe da XLI Feira-Mostra do Viño de Amandi. Os finalistas recibirán tamén un diploma, un lote de viño de Amandi e os seus carteis estarán nun lugar destacado na exposición que se organice con todos os orixinais participantes no concurso.

O cartel gañador farase público cando se presente a programación do Mes do Amandi, as actividades previas á XLI Feira do Viño de Amandi.

O Plan Especial de Monforte, inscrito definitivamente no Rexistro

O Plan Especial do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte de Lemos foi definitivamente inscrito no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, logo de que fora comunicada dita inscrición pola Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Encarnación Rivas, co envío do correspondente certificado de inscrición remitido ó Concello.

Unha vez aprobado definitivamente o Plan Especial do Conxunto Histórico-Artístico polo Pleno da Corporación de Monforte o día 16 de novembro do 2020, dende o Concello foi remitido o expediente de aprobación ao Rexistro de Planeamento da Dirección Xeral de Urbanismo para o seu rexistro. O 3 de decembro de 2020, o Plan Especial de Monforte foi publicado no Diario Oficial de Galicia, e fi-

nalmente o pasado 25 de marzo certificouse a súa inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia. A aprobación definitiva do Plan Especial do Conxunto Histórico-Artístico supón un fito histórico para Monforte, xa que por primeira vez na súa historia democrática a cidade conta cunha regulación urbanística específica, destinada a protexer o noso patrimonio histórico, artístico e cultural.

O actual alcalde, José Tomé Roca, e o seu equipo de goberno, comezaron a traballar no Plan Especial en xuño de 2015, momento no que se reactivaron os traballos para a elaboración do mesmo. No mes de outubro, dende a Dirección Xeral de Urbanismo aceptaron a solicitude que o alcalde enviou, na que se demandaba un reaxuste das anualidades e dos importes financeiros, e no que se manifestaba que o Concello ía retomar en firme os traballos

conducentes a dispoñer de dito Plan Especial. En febreiro de 2016, asinouse unha modificación do contrato para poder reactivar os traballos. Con data 10 de xullo de 2017, a Xunta de Goberno levou a cabo a aprobación inicial do Plan Especial para sometelo a exposición pública. E finalmente o día 16 de novembro do 2020 o Plan foi aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación de Monforte.

Cun retraso manifesto, Monforte aparecía como un dos últimos conxuntos históricos de cidades que carecían deste Plan. Coa aprobación, o Concello é competente para autorizar as intervencións previstas nel, tanto para os 509 edificios catalogados a protexer, como para os 585 non catalogados, comunicando trimestralmente á Consellería as autorizacións dadas. O Plan acota a algo menos da metade o número de edificios a preservar -edificios catalogados- e o



Rolda de prensa para informar do Plan Especial.

grao de protección segundo a súa importancia de protección.

O Plan Especial produce por primeira vez unha valoración do estado das edificacións e das necesidades da súa rehabilitación. Así, fai unha avaliación estimada do que representa a recuperación integral do conxunto declarado, nun horizonte de 16 anos: Repoñer en uso 281 vivendas hoxe desocupadas, e mellorar as condicións de habitabilidade de outras 154 vivendas ocupadas. Rehabilitar e mellorar espazos en plantas baixas de locais comerciais e outros usos complementarios da edificación.

O alcalde subliñou que “significa unha aposta decidida pola recuperación dos nosos valores coma cidade histórica, no que se teñen en conta as necesidades dos cidadáns que se ven afectados por esta regulación, pero no que tamén se atende ó interese común de todos os monfortinos e monfortinas, coa finalidade de protexer a nosa propia idiosincrasia cultural e histórica. En definitiva, o Plan Especial do Conxunto Histórico-Artístico de Monforte, constitúese nun documento imprescindible para a rehabilitación do noso Casco Histórico”.

Un estudo da Xunta e o CSIC sitúa a orixe das terrazas da Ribeira Sacra no século X

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Xunta, M^a del Carmen Martínez Insua, e o director de Incipit-CSIC, Felipe Criado, presentaron os resultados das primeiras datacións nas terrazas da Ribeira Sacra que sitúan a súa orixe no século X e permiten reforzar a súa orixe e evolución histórica como paisaxe vitivinícola. Trátase, como explicou a representante da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dun estudo de especial relevancia que permite achegar evidencias científicas da orixe destes elementos singulares da Ribeira Sacra.

Os traballos, encargados pola Goberno galego, foron realizados polo Instituto de Ciencias del Patrimonio del Consejo Superior de Investigaciones Científicas (Incipit-CSIC) na ribeira de Vilachá de Salvador, na Pobra do

Brollón, e enmárcase no proxecto Adegas da Memoria, no que ademais da Consellería de Cultura e Incipit-CSIC, participan tamén o Concello da Pobra do Brollón e a Asociación de Veciños de Vilachá de Salvador.

Segundo estas actuacións, as datacións máis antigas da mostraxe identificáronse no século X, en época altomedieval, o que constata que o proceso de construción de terrazas remóntase a épocas pre-Císter. Realizáronse un total de 110 mostrax recollidas e repartidas en cinco sondaxes en cuxa distribución influíron criterios como que houbera catas preto e lonxe do río, distintos graos de pendente ou distancia do xacemento dos conventos. Trátase de facer o mostrario o máis diverso posible para poder comprobar como foi crescendo en extensión a explotación agraria.

Ademais das datacións, este proxecto, levou a cabo dúas campañas de escavación no xacemento dos conventos, un estudo etnográfico entre os veciños e o estudo da documentación medieval referente a esta parroquia ribeirá. Os dous achados máis reveladores desta escavación coinciden tamén no século X: un enterramento no que se localizaron restos humanos e unha lauda funeraria con inscrición. Ademais de coincidir no tempo coas datacións dos bancais, revelan un uso sacro dese espazo.

Evolución histórica

Tal e como se pode concluír das datacións, da escavación dos conventos e da documentación, este proceso de expansión continúa ao longo dos séculos. Analizando os datos das mostrax, revélase tamén que no século XIII hai unha intensificación na construción de bancais para cultivo



Os traballos permiten crear un relato do seu nacemento e evolución como

na ribeira de Vilachá. No século XVI, volve haber outro pico de intensidade na construción de bancais, algo que demostran estes estudos, que permiten realizar unha evolución histórica destes elementos.

Na actualidade o lugar dos conventos xunto ás adegas tradicionais de Vilachá configuran un recurso turístico no que se pode coñecer a historia e catar o viño deste territorio dun xeito respectuoso e harmónico.

Con estes traballos, a Xunta

de Galicia continúa a apoiar as iniciativas que poñan en valor territorio da Ribeira Sacra, que encara a súa recta final na candidatura a Patrimonio da Humanidade. O Goberno galego está a destinar 4,5 millóns de euros para poñer en valor bens patrimoniais incluídos nesta paisaxe cultural desde o inicio da candidatura. Trátase dun esforzo orzamentario que, tal e como indicou, reflíctese nun incremento do 19% nos fondos dedicados a conservación de bens patrimoniais.

La Vuelta 2021 terá importante retorno económico para Monforte e a Ribeira Sacra

O alcalde de Monforte, José Tomé Roca, salientou no acto de presentación oficial das etapas de La Vuelta 2021 en Galicia, celebrado na Cidade da Cultura en Santiago, o “importante retorno económico que suporá para Monforte e a Ribeira Sacra ser fin da 19 etapa desta importante competición deportiva o vindeiro 3 de setembro”. Destacou na súa intervención que “Monforte vaise volcar con La Vuelta. Tal e como se volcou no ano 2016 coa saída, este ano vaise volcar coa chegada porque é unha oportunidade tremenda para a Ribeira Sacra e para Galicia, porque La Vuelta non so é ciclismo, é deporte, tamén é promoción do territorio, é promoción do turismo, é promoción económica, e todo isto únese en torno a La Vuelta”.

No acto de presentación, ademais do rexedor monfortino, participaron entre outros o director xeral de La Vuelta, Javier Guillén,



Presentación de La Vuelta en Santiago.

o vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, así como os alcaldes de Santiago, Xosé A. Sánchez Bugallo; de Sanxenxo, Telmo Martín; de Padrón, Antonio Fernández e a alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo. Tamén estiveron presentes ciclistas de renome, que acompañaron ás diversas autoridades nas súas intervencións, nun acto presentado polo actor e humorista galego David Amor.

A riqueza de Monforte, capital da Ribeira Sacra

Na súa intervención, nun dinámico diálogo co presentador do acto, o Alcalde tamén aproveitou para destacar que “a chegada da Vuelta a España a Monforte vaine facer nun momento moi especial para a Ribeira Sacra porque agardo que en xullo sexa declarada en China pola UNESCO Patrimonio da Humanidade. É unha ocasión mag-

nífica para que cando chegue La Vuelta en setembro, xa teñamos a declaración de Patrimonio da Humanidade para o conxunto da Ribeira Sacra.”

Do mesmo xeito, recordou que este ano 2020, así como o vindeiro 2022, é Ano Santo Xacobeo, polo que Monforte e a Ribeira Sacra tamén adquiren un protagonismo especial ó transcorrer o Camiño de Inverno polas súas terras.

“Que a etapa 19 entre en Galicia por A Fonsagrada, que atravesase a provincia e remate en Monforte, é unha ocasión magnífica para amosar o noso potencial, sendo ademais unha das etapas máis longas desta edición da Vuelta” indicou o rexedor municipal.

Tomé Roca resaltou os principais atractivos turísticos, paisaxísticos, gastronómicos e culturais de Monforte e da Ribeira Sacra: “o espectador vaise atopar, co final de etapa en Monforte, cunha paisaxe cultural e natural únicas”. Entre outros aspectos, destacou a importancia de Monforte coma cidade condal, na que o actual Parador foi sede do Condado de Lemos, e fixo un repaso polos principais valores artísticos e culturais da cidade, destacando os Escolapios, “o segundo Escorial galego”, os museos que albergan á arte sacra e italiana do século XVI, ou o Museo do Viño, resaltando a calidade dos caldos da Ribeira Sacra.

Monforte presenta dous vídeos promocionais da Feira Medieval

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, ofreceu unha roda de prensa para presentar os dous vídeos promocionais elaborados dende o Concello para recordar a Feira Medieval de Monforte que, debido ás restricións derivadas da crise sanitaria da Covid-19, non se pode celebrar, ó igual que ocorreu o ano pasado, a fin de semana da Semana Santa, é dicir, os vindeiros 3 e 4 de abril. Na presentación estivo acompañado pola primeira tenente de alcalde, Gloria Prada, e a concelleira de Cultura, Marina Doutón.

Por este motivo, “para manter viva a nosa Feira Medieval e non a esquezamos, elaboramos dous vídeos promocionais para que a Feira Medieval de Monforte non caia no olvido e non teñamos que promocionala partindo de

cero. Queremos que a Feira Medieval siga sonándolle á xente e crear esa necesidade de visitala”, destacou o alcalde.

Gravados en tres provincias

O alcalde presentou dous vídeos promocionais “cuxa elaboración foi feita dacordo a dous obxectivos claros: que non esquezamos a Feira Medieval e que ambos vídeos sirvan de impulso para que o ano que ben voltemos con máis forza, xa que agardamos poder celebrar a Feira Medieval de novo, sempre que as circunstancias da pandemia nolo permitan”.

Dunha banda, o alcalde deu a coñecer o vídeo realizado pola empresa morfontina Amanita Studio, vídeo no que se leva a cabo a recompilación das mellores imaxes e dos mellores acontecementos de pasadas edicións de este evento, que leva sendo protagonista

na Semana Santa monfortina durante 17 edicións. “Queremos, con este vídeo, poñer en valor o feito ata agora” indicou.

“O outro vídeo que rodamos, ten por obxectivo comunicar que non vai haber Feira Medieval neste ano, pero que estamos traballando xa para voltar con máis forza e máis folgos o ano que ven” salientou o alcalde.

O vídeo foi dirixido polo realizador vigués Fabián Figueroa, producido por Especialistas Hípica Celta SLL, e protagonizado por actores galegos: Antonio Durán Morris, Rosa Davila e Rubén Riós, entre outros. Esta peza audiovisual foi rodada en Monforte, Ribadavia, Arnoia e en Soutomaior, é dicir, o vídeo gravouse en localizacións de tres provincias galegas.

“Son dous vídeos diferentes pero que se complementan, para



Presentación na Casa do Concello.

ensalzar a nosa Feira Medieval, evitar que nos esquezamos dela e emprazarnos a unha nova edición, que agardamos poida ser no vindeiro ano 2022”, subliñou Tomé Roca. O alcalde tamén resaltou que “a promoción da Feira debemos impulsala cada ano, dado que a Feira Medieval de Monforte tense convertido nun dos maiores eventos da cidade a nivel cultural e comercial, xa que representa un atractivo turístico e axuda a atraer visitantes a Monforte e o conxunto da Ribeira Sa-

cra. Porque a Feira Medieval de Monforte debe seguir medrando, co fin de acadar, dentro de tres edicións, a declaración Feira de Interese Turístico Galego, algo que como saben a Xunta segue sen concederlle, exclusivamente por motivos políticos”. “En definitiva” concluíu o rexedor monfortino, “queremos que a xente a poida seguir incluíndo dentro da súa programación de descanso e de ocio nas vacacións de Semana Santa, como digo, cando sexa posible volver a celebrala”.

A “Insua dos Poetas” acolleu a primeira homenaxe ourensá á poeta Xela Arias

A Insua dos Poetas, no Carballiño, acolleu a celebración do IX Día da Auga, da Árbore e da Poesía, que na presente edición converteuse na primeira homenaxe ourensá á poeta Xela Arias, protagonista do Día das Letras Galegas 2021. Poesía, danza e música mesturáronse nun acto que incluíu o descubrimento dunha escultura do artista ourensán Alberto Fernández, realizada en granito procedente das canteiras de Melón e que, dun xeito simbólico, interpreta a poesía de Arias.

No parque temático situado na localidade carballiñesa de Madarnás e xunto co vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Fernández, e o presidente da Fundación Insua dos Poetas, Luis González Tosar, participaron neste acto o secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, e o alcalde do Car-

balliño, Francisco Fumega, como representantes das entidades colaboradoras, ademais do presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Santalices, a familia da homenaxeada e representantes do ámbito cultural ourensán, entre outros.

O acto, titulado “Xela Arias en liberdade: auga, árbores e palabras”, comezou cun espectáculo de música, danza e poesía conducido pola escritora Yolanda Castaño, para a continuación descubrir a escultura que perpetúa as obras fundamentais de Xela Arias e que, ademais, se inspira nun dos seus versos: “unha árbore no canto dunha lúa preñada de sonhos”.

Rosendo Fernández, agradeceu o esforzo realizado por Luis González Tosar “para que a Insua dos Poetas siga a ser un lugar de referencia cultural en Galicia, a pesar da complexa situación que vivimos”. Fernández dirixiuse á

familia da homenaxeada para subliñar que “grazas a iniciativas como esta, Xela Arias terá en Ourense un espazo permanente no que recordar o seu labor”, felicitando tamén ao escultor Alberto Fernández “porque tamén coa súa obra pasa a formar parte do legado da Insua dos Poetas”.

“Xela Arias marchou demasiado pronto –dixo Luis González Tosar en referencia á temperá morte da poetisa, aos 41 anos- pero aínda así converteuse nunha das voces máis innovadoras e rupturistas da poesía contemporánea en lingua galega”. Tosar tamén tivo palabras de agradecemento para o escultor Alberto Fernández, “que contribúe a dar forma ao verdadeiro espírito da Insua dos Poetas, un parque temático no que a literatura e as artes plásticas dialogan co medio ambiente”.

“Un espazo de liberdade e re-



O acto celebrouse no parque temático de Madarnás, no Carballiño.

coñecemento que vai construíndo Luis Tosar co seu esforzo”, dixo Francisco Fumega, mentres Anxo Lorenzo subliñou que esta era “unha oportunidade para redescubrir a unha persoa que forma parte do universo literario e creativo de Galicia”. Miguel Santalices, que agradeceu á invitación ao Parlamento, definiu a Xela Arias como “unha muller cun firme compromiso coa lingua galega”, pechando as intervencións o fillo da poeta, Darío Xil, que no nome da familia agra-

deceu esta primeira homenaxe.

Os actos desenvolvidos na Insua dos Poetas coinciden, como vén sendo xa tradicional, coa Semana Escolar da Árbore e da Auga, organizada pola Deputación de Ourense, e que na súa sétima edición celebrouse entre os días 22 e 26 de marzo, con motivo dos días mundiais da árbore e da auga dos pasados 21 e 22 de marzo, respectivamente, ademais de coincidir co inicio da primavera e o Día Mundial da Poesía.

Xunta e Concello de Xunqueira de Ambía mellorarán a contorna dun espazo BIC

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Xunqueira de Ambía analizarán a posibilidade de colaborar economicamente na execución dun proxecto municipal que ten como fin recuperar e poñer en valor unha praza en pleno centro urbano. Así o acordaron a conselleira Ángeles Vázquez e o rexedor deste municipio ourensán, José Luis Gavilanes, no transcurso dunha reunión telemática na que abordaron este e outros asuntos de interese municipal relacionados coas súas áreas de competencia.

Concretamente, as actuacións que pretende levar a cabo o concello ourensán céntranse nunha praza integrada no conxunto da Colexiata de Santa María de Xunqueira de Ambía, declarado Monumento

Histórico-Artístico e Ben de Interese Cultural (BIC). Trátase dunha área localizada no centro do núcleo urbano e conformada por un conxunto de espazos públicos envoltos por edificacións tradicionais de pedra con cubertas de tella cerámica.

Os traballos de recuperación incluídos no proxecto teñen por finalidade manter e conservar a contorna da colexiata, así como resolver situacións mellorables que se foron consolidando ao longo do tempo –por exemplo, as instalacións á vista- de forma que, unha vez completada a intervención, poida ofrecerse unha mellor imaxe do conxunto deste espazo.

Pola súa parte, Vázquez Mejuto trasladoulle que nos orzamentos do seu departamento para 2021 hai reservados máis



Reunión de Ángeles Vázquez co alcalde de Xunqueira de Ambía.

de 7,4 millóns de euros para obras destinadas a crear ou mellorar equipamentos municipais, así como á humanización e posta en valor das contornas urbanas.

De feito, tal e como lle trasladou o rexedor á conselleira, o Concello de Xunqueira de Ambía presentou xa outro pro-

xecto á orde de axudas para financiar equipamentos municipais en concellos de menos de 20.000 habitantes, convocada o pasado 8 de marzo. Este programa, de carácter bianual, ten consignados 1,3 millóns para financiar actuacións ao longo de 2021 e outros 950.000 euros para o vindeiro exercicio.

O delegado da Xunta reúnese coa alcaldesa de Ribadavia



O delegado territorial da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, continúa coa súa rolda de encontros institucionais tras tomar posesión como novo representante da administración autonómica na área territorial. Nesta ocasión, reuniuse coa alcaldesa do concello de Ribadavia, Noelia Rodríguez, coa que analizou as principais demandas do municipio en relación á Administración autonómica. O delegado tivo a ocasión de tratar xunto á súa rexedora, temas prioritarios para o seu concello. Así, durante a xuntanza fixeron repaso dos proxectos e necesidades que dependen da Xunta de Galicia.

Medio Rural asina convenio co Concello de Riós para identificar soutos e frondosas

A Xunta porá en valor un total de 24.000 hectáreas a través do Plan estratégico para o castiñeiro, que á súa vez se enmarca no “Plan Forestal de Galicia 2020-2040, cara á neutralidade carbónica”. Será mediante a conservación e posta en valor do castiñeiro na nosa comunidade, con actuacións en 8.000 hectáreas deica o ano 2040 para recuperar soutos tradicionais en produción mediante medidas de rehabilitación. Así mesmo, prevese crear novos soutos tanto para a produción principal de castaña como para xerar madeira, cada unha das liñas con 8.000 hectáreas de actuación.

Así o sinalou o conselleiro do Medio Rural, José González, na súa visita ao Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós, onde estivo acompañado polo delegado territorial da Xunta, Gabriel Alén, polo director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, José Luis Chan, e pola directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, así como polos alcaldes de Riós,

Francisco Veiga; de Vilardevós, Manuel Cardoso, e da Gudiña, José María Lago.

Neste acto, José González vinculou todas estas actuacións a prol do castiñeiro cos instrumentos de mobilización e posta en valor que desenvolve a futura Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, actualmente en trámite no Parlamento. Así, indicou que se trata de “poñer en común estas ferramentas para poder facer agrupacións de xestión conxunta ou polígonos agroforestais de castaña”, co fin de mellorar a xestión e o aproveitamento deste recurso.

Canto aos obxectivos destas accións, o conselleiro apuntou que buscan impulsar a multifuncionalidade e biodiversidade dos montes galegos e apoiar o sector viveirista, así como incrementar tanto a produción de castaña como a súa calidade. Tamén se traballará por aumentar a superficie de castiñeiro para madeira e por mellorar a competitividade das empresas deste sector.

Unidade dos soutos

Así mesmo, o titular de Medio

Rural referiuse á creación da unidade dos soutos, que se dedicará exclusivamente á xestión deste recurso tan importante para Galicia. Esta unidade será a que desenvolva no seu conxunto o Plan de recuperación para o castiñeiro, diferenciando con exactitude aqueles soutos tradicionais das novas plantacións de castiñeiros, unha vez se conte cos datos do Inventario Forestal Continuo.

Nese sentido, José González apuntou que se seguirán poñendo en marcha proxectos de recuperación de soutos de xeito piloto como os xa executados en Moreda e no Courel, na provincia de Lugo, por exemplo. Engadiu que esta unidade colaborará cos grupos de desenvolvemento rural e cos concellos para o impulso do sector.

A maiores, o conselleiro anunciou que nos vindeiros días se someterá a información pública o procedemento de inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas de parte do monte Salto do Cabalo, de titularidade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común



(CMVMC) de Progo, situado precisamente no Concello de Riós. Este monte ten unha superficie de 259 hectáreas, das que se inscribirán no Rexistro 17,35 ha ocupadas por cerquiño.

Apoio da Xunta

O conselleiro tamén quixo poñer en valor o convenio asinado co Concello de Riós por importe de 135.000 euros para que o Centro de Desenvolvemento Agroforestal poida levar a cabo un programa cuns obxectivos moi específicos: a identificación, a restauración e a promoción da xestión forestal activa e sustentable das provincias de Lugo e Ourense.

En concreto, a Xunta sufragará cinco tipos de accións no marco deste convenio, que estará vixente

ata que remate este ano 2021. Así, estase a levar a cabo a identificación de soutos tradicionais e masas de frondosas autóctonas de especial interese nas provincias de Lugo e Ourense, a vixilancia e loita contra as pragas e doenzas destas árbores e cursos de formación para produtores ou persoas interesadas en incorporarse ao sector primario.

A maiores, estanse a establecer puntos de contraste sobre o terreo para garantir a actualización do Inventario Forestal Continuo de Galicia e promovendo accións de boa gobernanza en Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC), así como a creación de agrupacións forestais de xestión conxunta.

A Orde do Camiño concede a “Medalla de Ouro” a Xosé Lois Foxo

A Orde do Camiño de Santiago celebrará en Compostela unha xornada internacional de formato híbrido, na que está prevista a participación de representantes de 20 países. O programa abrirase coa conferencia impartida pola directora de Turismo de Galicia, María Nava Castro, quen abordará “Os retos do Xacobeo 2021-2022 ante a situación da pandemia e a ampliación de datas”.

A segunda parte do programa contempla o nomeamento de “novicios” procedentes de México, Francia, Cataluña e Galicia. Trátase de novos membros que dan o primeiro paso para entrar a formar parte da Orde, pois a investidura oficial realízase sempre, segundo



os Estatutos desta entidade, durante a celebración dun capítulo xeral ou extraordinario.

Finalizará a xornada coa entrega da “Medalla de Ouro” ao director e compositor Xosé Luís Foxo Rivas quen, á fronte da Real Banda, proxectou internacionalmente a música tradicional

galega. Este proxecto de divulgación internacional é coincidente cun dos obxectivos da Orde que é o posicionamento do Camiño de Santiago en diferentes países. En determinados momentos tanto a Orde como a Real Banda estableceron sinerxias desde países como México.

FOTONOTICIA



Semana da República en Ourense

Amigos da República organizou, no cemiterio de San Francisco da capital, un acto de recordo aos ourensáns republicanos represaliados, algún deles fusilados alí mesmo, no denominado

Campo de Aragón e outros no alto do Cumial. Con esta homenaxe concluíu a Semana da República que se desenvolveu no Liceo ourensán coa presentación dun libro e a celebración dunha mesa redonda.

Os socialistas denuncian o reparto da Deputación de millóns para amiguete

Os socialistas denuncian unha nova “trama” e un “cambalache de amiguete” na Deputación de Ourense “para repartir 20 millóns a dedo” cun “tongo disimulado como modificación orzamentaria”, só tres meses despois da entrada en vigor dos orzamentos para 2021. “Estamos ante un novo reparto discrecional e antidemocrático de Manuel Baltar e da deputada tráfuga non adscrita, Montse Lama, premiando vergoñentamente a concellos do PP, a amiguetes e outros palmeiros, pero castigando aos que non son afíns”, advertiron.

O vicevoceiro do PSdeG-PSOE, Nacho Gómez, resaltou que nesta institución “hai organizada unha trama para repartir cartos entre quen é afín e quen non ao goberno”, estruturada tamén “en función da rendibilidade política a sacar”. “É indecente e inmoral que, por exemplo, na comarca do Ribeiro, un concello como Cortegada recibirá 336 euros por habitante mentres Ribadavia recibirá cero euros”, denunciou. “É un debate de fondo e de formas porque a base debería ser un reparto dos cartos equitativo e xusto”, insistiu o deputado antes de enunciar outros exemplos de “agravio” entre municipios.

Trama

Gómez destacou como “unha evidencia” que en Galicia “xa existen outros modelos de de-



Os socialistas informando en rolda de prensa.

putación” onde os cartos se tratan dunha forma xusta, sendo “a de Ourense a única deputación que ten en funcionamento esta trama, porque o goberno provincial xoga cos fondos públicos para manterse no poder”. “A recuperación económica e social debe ser para todos os cidadáns da provincia por igual e vostedes o único que fan e discriminar a algúns veciños e veciñas porque os gobernan persoas doutros partidos”, sinalou o vicevoceiro antes de cualificar estes feitos “incluso como delitivos”.

“Non podemos seguir por esta senda”, remachou Gómez. O PSdeG-PSOE segue a defender o modelo orzamentario do plan único cun reparto equitativo e igualitario, sen as grandes fendas económicas que se producen entre os diferentes municipios na actualidade. “Estamos ante unha esquizofrenia política na que, por un lado, existe unha repre-

sentación popular indirecta a partires de votos nos concellos e, por outra, un poder único que distribúe os fondos públicos unicamente sobre a base caprichosa de afinidades”, destacan antes de aclarar “o cambio deste modelo só terá lugar cun presidente socialista”.

Así mesmo, desde o PSdeG-PSOE tamén denuncian que o gasto por cápita beneficia dunha forma “elocuentemente escandalosa” aos municipios gobernados polo PP e polos “amigos do presidente”. Na comparativa de todos os municipios pode apreciarse como os territorios gobernados por alcaldes ou alcaldesas do PP reciben unha media de 91,16 euros por habitante grazas a esta modificación orzamentaria, fronte aos 14,55 euros per cápita dos que teñen un goberno socialista ou os 21,96 euros do resto de municipios da provincia ourensá.

O PSdeG acusa ao alcalde de espoliar o patrimonio cultural coa privatización de Complexo de San Francisco

O PSdeG-PSOE de Ourense acusa a Gonzalo Pérez Jácome de intentar “espoliar” o patrimonio cultural de Ourense coa privatización do complexo de San Francisco. Os socialistas aseguran que o alcalde confirma así a súa folla de ruta, que non é outra que “aproveitar a cultura para facer negocio e comerciar co patrimonio público”.

Dende o grupo municipal socialista critican que o alcalde fale de “poñer en valor” os activos municipais do complexo de San Francisco, cando “o único valor que considera é o do seu negocio e enriquecemento persoal a costa da cultura que tanto critica, pero que logo utiliza para seu beneficio”.

Do mesmo xeito, manifestan que o “espectáculo” do “show business” ao que se refire Jácome “ten moito de show, pero aínda máis de business”, a través do “saqueo das arcas públicas” entregando a empresas “amigas” tanto a explotacións dos bens e espazos municipais coma os informes de viabilidade que corresponderían a técnicos municipais.

Neste sentido, socialistas critican os ataques de Jácome aos técnicos e funcionarios municipais, ao tempo que destacan “a ignorancia do alcalde que compara o seu intento de privatización do

Auditorio coa realidade de Vigo, unha cidade que conta con tres espazos distintos, como son o Auditorio Mar de Vigo, o Teatro García Barbón –dependente de Abanca– e o Auditorio Municipal, cuxa xestión, neste último caso, é pública e que está a programar todas as actuacións que o rexedor ourensán non quixo para a nosa cidade”.

“O cinismo do PP”

Por outra banda, os socialistas lembran a existencia dun convenio entre a Deputación e o Concello de Ourense de permuta e intercambio de uso entre o local provincial, situado no número 2 da rúa Barrera, e o edificio da Escola de Artes e Oficios, que pasaría a depender da Deputación por tempo indefinido, e pregúntanlle ao PP “que pensa facer cun alcalde que non sabe nin o que asina e mesmo trata de privatizar o que non é seu”.

Así as cousas, o PSdeG-PSOE de Ourense pon de manifesto o “cinismo” do responsable municipal do PP, Jesús Vázquez, un ex-conselleiro de Cultura que fai continuos chamados á “unidade da oposición”, mentres segue a apoiar ao alcalde baixo a premisa de “todo por la pasta”, mesmo cando se trata de procurar dedicacións exclusivas para algúns dos concelleiros do seu grupo que quedaron “descolgados” do goberno municipal.



ORO Y PLATA
+25 años a su servicio
Sto. Domingo 37, Entresuelo, Ourense
enfrente confitería
988 232 903



jba
servicios inmobiliarios
info@jbainmobiliaria.com
988 10 20 75
www.jbainmobiliaria.com

www.orixepublicidade.es 988 60 70 75



Camisetas Personalizadas desde 1 und.
Francisco de Moure 20, Ourense